

12/465 CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE XESTIONE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E DESEÑE UN PORTAL EMPRESARIAL PARA A PRAZA DE ABASTOS E MERCADO MUNICIPAL DE QUIROGA BALLESTEROS COFINANCIADAS NUN 80% POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). PROXECTO 12UR2001 URBAN FORMACIÓN OCUPACIONAL COMERCIO E PROXECTO 12UR4002 URBAN PRAZA DE ABASTOS. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 18 de xuño de 2012 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I. Informe sobre a necesidade de proceder á contratación dunha entidade que xestione un programa de formación e deseñe un Portal Empresarial para a Praza de Abastos e Mercado Municipal de Lugo así como o correspondente prego de prescricións técnicas elaborado pola Directora do Proxecto URBAN en data 21 de maio de 2012 xunto coas solicitudes de participación no proxecto de comercio electrónico da Praza e do Mercado presentadas polas 16 persoas interesadas e beneficiarias do contrato.

II.- Informe de Intervención do 6 de xuño de 2012 no que se fai constar, entre outros aspectos, a existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 24400.22799 do vixente Orzamento Xeral por importe de 10.620 euros (proxecto de gasto 12UR2001) e por importe de 66.552 euros (proxecto de gasto 12UR4002).

III.- Pregos de cláusulas administrativas que rexerán a contratación do servizo de referencia elaborado polo servizo de contratación con data 18 de xuño de 2012.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: ACORDO_APROBACION_PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles ‘cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración’. O presente contrato ten por obxecto a realización por un lado de accións formativas e de emprego na especialidade de técnicos en tecnoloxías web e por outro o deseño e execución dun portal web para a Praza de Abastos e Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros, todo iso de conformidade co prego de prescricións técnicas elaborados pola Directora do Plan URBAN.

Estes traballos enmárcanse dentro das actuacións da Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN) do Concello de Lugo e están cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 12UR2001 URBAN Formación ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto No TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138 e seguintes do TRLCSP.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP.

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE XESTIONE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E DESEÑE UN PORTAL EMPRESARIAL PARA A PRAZA DE ABASTOS E O MERCADO MUNICIPAL DE QUIROGA BALLESTEROS cun 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR2001 URBAN Formación ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerán na licitación de referencia, e que, remitidos

polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación literalmente se transcriben:

A) “PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE HAN DE REXER NA CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE XESTIONE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E DESEÑE UN PORTAL EMPRESARIAL PARA A PRAZA DE ABASTOS E O MERCADO MUNICIPAL DE QUIROGA BALLESTEROS cun 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR2001 URBAN Formación ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos.

ANTECEDENTES

O Concello de Lugo está a executar un Proxecto URBAN co cofinanciamento do 80% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013) cuxo obxectivo é o desenvolvemento integrado do centro histórico da cidade no seu ámbito coincidente coa área PEPRI.

A través das accións previstas na prioridade **FOMENTO DA INTEGRACIÓN SOCIAL E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES** preténdese facilitar accións formativas e de emprego aos colectivos máis desfavorecidos no mercado laboral nos sectores de apoio ao comercio e a rehabilitación, por ser necesidades de traballo da economía local e doutras actuacións executadas polo Proxecto URBAN que tamén requirirán dese tipo de profesionais. Búscase como obxectivo final unha verdadeira integración social dos participantes no programa.

Do mesmo xeito, dentro das accións incluídas na prioridade **DESENVOLVEMENTO DO TECIDO ECONÓMICO APOIANDO A ACTIVIDADE EMPRESARIAL**, contéplase a posta en marcha dun portal para a promoción e distribución de produtos autóctonos en colaboración cos comerciantes e as súas entidades asociativas que podería levar consigo a creación dun centro loxístico na zona URBAN que se encargará da recollida e distribución dos produtos ou a realización doutros traballos que estarán apoiados polo persoal previamente formado, sendo esta unha actuación moi centrada na Praza de Abastos. Dentro destas actuacións de apoio á actividade económica tamén está prevista a participación dun portal web no que participen todos os comerciantes. Entendendo que todos os comerciantes da Praza de Abastos e do Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros constitúen unha unidade que non se debe desmembrar, fórmulase unir estas dúas finalidades e incluír todos os postos da Praza e o Mercado no portal empresarial a desenvolver con este contrato aínda que a variedade de produtos e servizos exceda os produtos autóctonos.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é o deseño e execución dun portal web para a Praza de Abastos e o Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros (en diante a Praza e Mercado) coas características que se sinalan neste prego. Para iso deberanse

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: ACORDO_APROBACION_PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

solicitar, elaborar e introducir os datos dos 63 postos en funcionamento na actualidade en cada unha das fichas individuais coas características mínimas que se definen no prego. Se se ocupan novos locais durante a execución do contrato (ata un máximo total de 70 postos en funcionamento) deberase realizar a ficha individual para os novos sen novos honorarios. Cos 16 postos que se van incorporar ao proxecto de comercio electrónico que ofrecerá o portal, resolveranse todos os aspectos sobre o comercio electrónico que se sinalan no prego (protección de datos, garantías, medios de pagamento, portes, etc), ademais de solicitar, elaborar e introducir todos os datos e imaxes para a execución do proceso completo de comercio electrónico. Igualmente realizarase o labor comercial inicial que se define neste prego para dar a coñecer a nova plataforma de vendas. A empresa ten que contratar para este proxecto dous dos desempregados previamente formados non vinculados cos postos da Praza e Mercado durante tres meses. O Concello achegará os datos dos 16 postos para incorporar o comercio electrónico. O adxudicatario pode captar novos interesados para o comercio electrónico entre os postos da Praza e Mercado sempre que incorporen un mínimo de 10 produtos que facturará segundo o expresado neste prego.

2. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Máximo de 6 meses a contar a partir da sinatura do contrato co seguinte calendario orientativo:

	ME S 1	ME S 2	ME S 3	ME S 4	ME S 5	ME S 6
<i>A. Formación inicial</i>						
A.1. Formación (100 horas)						
<i>B. Desenvolvemento plataforma</i>						
B.1. Desenvolvemento software						
B.2. Captación, elaboración de contidos						
B.3. Inclusión contidos						
B.4. Labor comercial						
B.5. Reunións finais						

3. DATOS XERAIS DO SERVIZO A CONTRATAR

3.1 FORMACIÓN NA ESPECIALIDADE TÉCNICOS DE WEB

Impartirase formación na especialidade de Técnicos en tecnoloxías web a un grupo máximo de 18 persoas dos seguintes colectivos:

- De forma prioritaria, 6 prazas cubriranse con persoas desempregadas e empadroadas na zona URBAN con dificultades para o acceso ao mercado laboral. As/os alumnas/os desempregadas/os serán seleccionadas pola empresa

adxudicataria polo seu nivel de aptitude para realizar o traballo previsto entre as persoas presentadas dende a oficina do Proxecto URBAN.

- Persoas que traballen ou teñan algunha relación familiar con titulares dos postos da Praza e Mercado que van realizar comercio electrónico e se comprometan a manter activa e a actualizar a súa tenda virtual. Na actualidade, 11 persoas do total dos 16 postos que realizarán comercio electrónico, realizaron solicitude para recibir a formación.

- Resérvase unha praza para persoas que, sen estar empadroadas na zona URBAN, desenvolven algunha actividade no ámbito do centro histórico ás que, a xuízo das/os técnicas/os de servizos sociais, esta formación as axude a obter un emprego que as disuada de buscar outras fontes de ingresos.

A empresa non adquire ningunha responsabilidade na captación de alumnas/os.

Ao finalizar o curso, as/os alumnas/os coñecerán en profundidade as características técnicas do portal empresarial e serán capaces de solicitar os datos e incluír contidos neste **coa supervisión dun responsable de proxecto**. Tamén deberán adquirir as habilidades necesarias para preparar e realizar visitas comerciais.

O programa formativo terá unha duración de 100 horas e os seguintes contidos mínimos:

- **Formación específica como Técnicos de web:** 96 horas
- **Módulo ambiental.** Terá un contido directamente aplicable a esa especialidade laboral (xestión de residuos, aforro enerxético, etc.). Destinaranse 2 horas de forma exclusiva a estes contidos e deberase concretar no programa a forma na que estes principios se trasladarán a todo o período formativo e laboral (carácter transversal).
- **Prevención de riscos laborais.** Dedicarase a este módulo 2 horas de formación e, ao igual que no anterior, terá un contido directamente aplicable ao desenvolvemento do traballo e concretarase no programa a forma en que se trasladarán a todo o período formativo e laboral (carácter transversal).

A formación específica axustarase ao seguinte programa **mínimo**:

BLOQUE I: MAQUETACIÓN DE WEB (96 HORAS)

1. CONCEPTOS TÉCNICOS (50 HORAS)

- 1.1. Conceptos, tecnoloxías e protocolos Web (5 horas)
 - Introdución
 - Internet
 - Os navegadores
 - Estándares Web
- 1.2. Introdución ao HTML e CSS (15 horas)
 - Estrutura e TAG's de documentos HTML.
 - Follas de estilo en cascada
- 1.3. Introdución a XML, XHTML e CSS2 (5 horas)
 - Documentos XML. Schemas e DTD's
 - Ferramentas de xeración e validación de documentos XML
 - Conceptos de XHTML
 - Follas de estilo en cascada CSS2 e posicionamento.
 - Separación de contidos e presentación

- 1.4. Conceptos de estándares Web (5 horas)
 - Estándares Web
 - Probas de navegadores
 - Utilización de ferramentas e validadores
- 1.5. Introducción ao tratamento de imaxes (20 horas)
 - Introdución
 - Tamaño e cor nas imaxes dixitais
 - Retoques globais dunha fotografía
 - Os Filtros
 - O recorte
 - Corrección de defectos nas imaxes
 - Adición de efectos
 - O manexo de capas
 - Os montaxes fotográficos
 - Imprimir imaxes desde Photoshop
- 2. **CONCEPTOS TEÓRICOS (10 HORAS)**
 - Conceptos de arquitectura da información
 - Organización e clasificación da información
 - Concepto de usabilidade
 - Accesibilidade Web. Normas WAI
- 3. **POSICIONAMENTO WEB (5 HORAS)**
- 4. **PRÁCTICAS (11 HORAS)**
 - Formación sobre o portal empresarial deseñado para a Praza e Mercado.
 - Xestión de estrutura
 - Xestión de contidos. Manexo do editor de contidos
 - Xestión de imaxes e recursos gráficos
 - Xestión de documentos
 - Práctica final. Creación dun posto virtual de comercio electrónico.

Bloque II: DISTRIBUCIÓN COMERCIAL EN VENDAS CON TECNOLOXÍAS WEB (20 HORAS)

- Busca de clientes: venda na cidade; vendas fóra da cidade.
- Accións de difusión e publicidade.
- Distribución física de produtos. Embalaxes axeitadas para cada tipo de produto de venda na Praza e Mercado

3.2. PORTAL EMPRESARIAL PARA A PRAZA E MERCADO

Na actualidade hai 63 praceiras/os entre a Praza e Mercado e existen perspectivas de novas incorporacións. No caso de que as/os novas/os empresarias/os se instalen durante a execución do proxecto (un máximo de 7 incorporacións ata un total de 70 locais ocupados), a empresa adxudicataria deberá incluílos neste proxecto (salvo na parte de comercio electrónico) sen cobrar novos honorarios. Destas/os empresarias/os, 16 adheríronse á parte do proxecto de comercio electrónico. A empresa adxudicataria poderá captar novas empresas na Praza e Mercado para realizar comercio electrónico. Este traballo facturaríase segundo os

prezos ofertados co tope do importe máximo destinado ao proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos dentro deste prego.

3.2.A. PARTE XERAL

A páxina principal terá a seguinte información organizada na páxina principal e/ou a través do seguinte menú orientativo:

- Presentación xeral actual da Praza e Mercado.
- Historia da Praza e Mercado.
- Onde estamos.
- Relación de empresas.
- Sistema de busca por produtos entre as empresas que teñen comercio electrónico.
- Tanto a partir do listado das empresas coma de planos de planta poderase acceder a unha ficha de cada un dos postos que ofrecerá información de cada posto, unha descrición dos produtos, servizos complementarios, etc e, no seu caso, acceso ao proceso de compra on line. Introducíranse aspectos da actividade que fomenten na protección ambiental.
- Como comprar.

As fichas de cada posto estarán identificadas cos seus datos e logos e seguirán o mesmo esquema previamente definido co seguinte desenvolvemento mínimo:

- Menú de navegación estruturado nun único nivel de profundidade e un mínimo de 4 puntos (máximo de 8) que permitirá organizar os contidos a mostrar na páxina en diferentes seccións.
- Número máximo de imaxes: 20.
- Non levará documentos.
- Estableceranse os valores apropiados de acordo cos propósitos da empresa para o seu posicionamento en buscadores (meta-tags).
- No seu caso, enlace á tenda virtual.

En todas as páxinas haberá un enlace para ir directamente á páxina principal do portal e á páxina principal do posto que se está a visitar. Para a personalización gráfica utilizaranse unicamente imaxes reais de cada posto e dos seus titulares.

3.2.B. COMERCIO ELECTRÓNICO

A tenda **virtual individual de cada un dos 16 postos** ofrecerá:

- Páxina de inicio na que xunto a outra información, as/os praceiras/os poidan introducir ofertas con imaxes, animacións e texto ou outras informacións relacionadas coa súa actividade.
- O funcionamento da aplicación terá posibilidade de personalizar os seguintes aspectos que se ofrecerán nun menú e que se deberán traballar ata que queden totalmente resoltos con cada un das/os comerciantes:
 - Formas de pagamento: incluíndo distintas tarxetas, contra reembolso, Paypal, distintas entidades financeiras para o cobramento.
 - Custos de envío -que poden ser variables dependendo de circunstancias como o lugar, prazo de entrega, tipo de produto ou peso-. A aplicación proporcionará mensaxes aconsellando sobre as unidades a comprar para os efectos de optimizar os gastos de envío. Cada cliente poderá elixir unha franxa horaria de recepción. O comerciante pode acoutar

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: ACORDO_APROBACION_PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

unha franxa xeográfica de repartición. Darase a opción de recollida na Praza e Mercado.

- Garantías, sistemas de devolucións, adhesión a institucións para a resolución de reclamacións.
- Seguridade nas transaccións.
- Política de protección de datos persoais. No traballo a desenvolver inclúese o proceso de legalización.
- Ficha de alta de cliente da empresa para posterior acceso con clave cun sistema de axuda para recordala. Tras identificarse como cliente dunha empresa, ofrecerase a posibilidade de aplicar prezos distintos ou descontos.
- Os clientes poderán conservar pedidos que poden volver utilizar para unha nova compra
- Catálogo de produtos (máximo de 100 produtos por local) dinámico baseado nunha base de datos e formulario para procesar os pedidos. O catálogo estará formado por páxinas web que admitirán as descricións, imaxes e prezos dos produtos con IVE incluído ao tratarse de comercio minorista.
- Ademais de poder ofertar lotes de produtos pechados, a aplicación dará a posibilidade de variar algún deles sobre listas pechadas de varios produtos.
- Todos os produtos que se ofrezan cumprirán coa normativa para poder ser vendidos na Praza e Mercado e aparecerán nas fotos perfectamente identificados e etiquetados.
- Xestión interna da base de datos do almacén creado por cada empresa para a venda electrónica, dos pedidos e de todas as operacións realizadas.
- Todos os prezos dos produtos e os datos de almacén se poderán actualizar sobre un único documento sen necesidade de entrar en cada unha das fichas de produtos. Neste mesmo documento poderanse desactivar produtos que deixarán de ofertarse na web ata que sexan activados de novo.
- Dende calquera punto se poderá ir directamente á páxina principal do Portal da Praza e Mercado e á páxina principal da empresa que comercializa o produto que se está a visitar. Igualmente dende calquera punto do proceso de compra se poderá acceder á relación dos artigos seleccionados (carro da compra) para visualizar o custo final da compra con todos os gastos incluídos e para realizar modificacións sobre el tales como eliminar produtos seleccionados ou modificar unidades. Poderase manter unha pequena ventá aberta de forma permanente para a súa mellor visualización. Será ampliable.
- Tras a selección de artigos, a aplicación fará suxestións de produtos relacionados.
- A aplicación dará a posibilidade de emitir facturas.

A empresa adxudicataria **elaborará con cada unha das empresas seleccionadas todos os aspectos anteriores e calquera outro necesario para cumprir coa normativa sobre comercio electrónico e introduciraos** na aplicación, realizando as adaptacións necesarias para o perfecto funcionamento desta.

Cada empresa manterá as súas propias condicións, medios de pagamento, entidades bancarias, garantías, etc.

3.2.C. ASPECTOS COMÚNS AOS TRABALLOS DESCRITOS NOS DOUS APARTADOS ANTERIORES

A elaboración da páxina realizarase coa supervisión do titular ou persoa que designe. As/os praceiras/os non teñen que asumir ningún traballo. Elaborarase e entregará a cada praceira/o un Manual de uso da aplicación co suficiente detalle como para que unha empresa sen coñecementos informáticos da Praza e Mercado poida manter o seu web e, no seu caso, a aplicación de comercio electrónico de forma autónoma. Tras o traballo de inserción de datos, realizarase unha reunión de asesoramento e explicación do Manual a cada comerciante. Unicamente no caso dos que só teñen ficha de empresa se pode atender a dous praceiras/os á vez nesta reunión. Dedicarase un mínimo de dúas horas para esta reunión con aqueles que realicen comercio electrónico. Transcorrido un prazo mínimo de 15 días tras a posta en marcha e entrega do Manual, terase polo menos unha reunión máis con cada unha das 16 empresas que desenvolven comercio electrónico para a actualización de contidos, asesoramento, etc.

Este traballo incluírá a elaboración completa da web: produción de imaxes, elaboración e/ou revisión (en caso de que os queiran achegar as/os praceiras/os) de textos cos comerciantes, estrutura da información, introdución dos elementos, revisión, etc. Estará redactada en galego, podendo conter textos repetidos noutros idiomas.

Cubrirase unha ficha de seguimento para cada empresa na que se recollerá o tempo dedicado e as tarefas realizadas. Estará asinada por ambas as dúas partes.

A empresa adxudicataria ocupará o posto da Praza destinado ao Concello ao que deberá levar todos os medios materiais necesarios para o seu traballo (mobiliario, equipos, conexións a internet se son necesarias, etc) mentres realice os traballos directamente relacionados coas/os praceiras/os (puntos B2 a B5 do calendario orientativo do prazo de execución do contrato). O horario de presenza da empresa nese lugar será polo menos de 9:00 a 15:00 horas e, en horario de tarde, o necesario para atender as citas dos comerciantes. Non suporá gastos de consumos para a empresa adxudicataria. Así mesmo rotulará este espazo con paneis informativos do traballo que se está a desenvolver, seguindo o mesmo modelo de cartel que se utiliza para as obras, dispoñible en http://www.lugo.es/urban/docs/modelos_valla_URBAN.pdf.

Respecto aos contidos de cada unha das empresas:

- Serán propiedade de cada unha das empresas.
- A empresa adxudicataria velará para que sexan conformes á lei e potenciará que todas inclúan referencias sobre a forma de aplicar os criterios ambientais (tales como tratamento de residuos, etc).
- Estarán redactados cunha linguaxe non sexista.

O sistema xerará un mínimo de cinco variables estatísticas (datos por empresa e globais) tales como número de artigos catalogados, número de consultas, número de operacións realizadas, volume de negocio, etc. As empresas terán acceso ás estatísticas relacionadas coa súa propia actividade.

A web será accesible seguindo as pautas de accesibilidade ao contido establecidas polo W3C (Consortio da World Wide Web). Igualmente os usuarios poderán

axustar o tamaño do texto e garantirase que a páxina non perda claridade para o usuario que use un lector de pantalla. Asegurarase unha correcta visualización dos contidos en distintos navegadores.

3.2.D. LABOR COMERCIAL

A través do labor comercial realizaranse os seguintes traballos:

- Diseñaranse e editarán unhas tarxetas que se entregarán a todos os praceiras/os que implanten o comercio electrónico co fin de difundir a web. Nunha das caras deixarase espazo para que poidan poñer os datos do seu posto.
- Identificaranse distintos colectivos da cidade de clientes potenciais do comercio electrónico e realizarase entre eles un labor de difusión da web.
- Identificaranse fóra da comunidade autónoma unha relación dun mínimo de 200 empresas distintas creadas por persoas de orixe galega e elaborarse un plan de comunicación. Con estas empresas chegarase a realizar un labor de presentación da web por medios electrónicos ou postais.
- Realizarase un plan de difusión a través das redes sociais e un plan de posicionamento en internet.

O material editado para estes labores terá un importe mínimo de impresión de 300 € que se xustificará coa presentación de facturas (non deben incluír deseño).

3.3. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS ÁS EMPRESAS

A entidade adxudicataria ofrecerá asistencia para a apertura e manexo inicial de contas de correo electrónico. Ademais, **introducirá no uso** de polo menos un dos seguintes servizos ás empresas:

- Obtención de certificado electrónico válido para realizar xestións coas administracións públicas.
- No caso de que dispoñan de el, inicio no uso do DNI electrónico.
- Alta na banca electrónica.
- Iniciación no uso de aplicacións telemáticas da web do Concello de Lugo.

Se a/o praceira/o non está interesada/o en ningún destes servizos, polo menos explicarlanselle as tramitacións que o Concello de Lugo ofrece a través de Internet.

4. PRESUPOSTO

Destinaranse 65.400,00 € máis o 18% de IVE (65.400,00 + 11.772,00 =77.172,00 €) da aplicación presupostaria 244.00/227.09 do presuposto municipal de 2012 divididos en:

- Proxecto 12UR2001 URBAN Formación ocupacional comercio: 9.000,00 € + 1.620,00 € = 10.620,00 € para a formación de 100 h.
- Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos: 56.400,00 € +10.152,00 € = 66.552,00 € para Portal empresarial.

5. CRITERIOS E DOCUMENTACIÓN PARA A VALORACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA

A solvencia técnica xustificarse a través de:

1. Contratos de entidades privadas ou certificadas de administracións públicas xustificando que a empresa realizara como mínimo nos últimos tres anos dous proxectos de venda electrónica.

2. Curriculum vitae do equipo humano especificando as funcións a desenvolver por cada un deles **asinados coa súa conformidade** para participar no proxecto. **Requisitos mínimos:**
- A/o responsable do proxecto que terá estudos universitarios, participaría en proxectos das mesmas características (dous proxectos de venda electrónica) e terá un perfil comercial avalado pola súa participación noutros proxectos orientados á captación de clientes, distribución de produtos, prestacións de servizos a clientes, etc.
 - As persoas que impartan a parte formativa (técnica ou comercial) deben ter tres anos de experiencia en xestión de proxectos TIC. O/a responsable do proxecto pode realizar o labor de formación comercial.
 - Poderanse subcontratar os traballos referentes á protección de datos que deberán ser realizados por especialistas na materia.
 - Entre os colaboradores figurará unha persoa con titulación en Deseño gráfico como persoal da empresa adxudicataria ou subcontratada.

Os sitios web de comercio electrónico que se acheguen como solvencia técnica, deben estar operativos. Facilitarase unha dirección para comprobar o seu correcto funcionamento.

6. DATOS PARA A VALORACIÓN DA OFERTA

6.1. Presentaranse tres presupostos:

P1. Para a formación inicial (punto 3.1 deste documento): máximo de 9.000 € +18% de IVE.

P2. Portal empresarial (puntos 3.2 e 3.3 deste documento) con todas as probas necesarias ata o correcto funcionamento do sistema: máximo 54.000 € +18% de IVE. Este prezo inclúe tamén a formación no posto de traballo e calquera outro aspecto do traballo non incluído de forma expresa nos outros dous prezos.

P3. Incorporación **dun novo posto** á venda electrónica captado pola empresa adxudicataria: máximo de 800 € +18% de IVE. Incluiría, se fose o caso, a incorporación dunha nova entidade financeira.

6.2. Bosquexo da imaxe da páxina principal do Portal da Praza e Mercado e modelo de ficha dun posto (empresa).

6.3. Prazo de garantía que será como máximo de cinco anos.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Teranse en conta os seguintes criterios de valoración para a adxudicación do contrato:

7.1. Oferta económica para o prezo ofertado (PO), sendo $PO = P1 + P2 + P3 \cdot 3$. Consideración máxima dun **60%** sobre o total.

Obterá a máxima puntuación neste criterio (60 puntos) a empresa que oferte o PO máis baixo. Obterán 0 puntos as empresas que oferten un PO igual ao prezo de licitación e as restantes valoraranse de xeito proporcional lineal.

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 85 do RD 1098/2001 do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

7.2. Modelo de páxina principal do Portal da Praza e Mercado e modelo de ficha dun posto cunha consideración máxima do **30%**. Terase en conta o deseño de conxunto (máximo 15 puntos), a facilidade de comprensión e uso (15 puntos). En cada un dos subcriterios ordenaranse as propostas polo seu grao de cumprimento, dando 15 puntos á que mellor cumpre e 0 á que cumpre en menor grao. As demais propostas recibirán as puntuacións intermedias que se estimen respectando a orde.

7.3. Prazo de garantía cunha consideración máxima do **10%**. Establécese un período máximo de 5 anos. Valorarase con 0 puntos o prazo de garantía establecido no prego administrativo e con 10 puntos ás empresas que oferten 5 anos. Os demais, de forma proporcional lineal.

En caso de empate, desempatarase a favor da empresa que obteña máis puntuación no criterio 7.1. Se persiste o empate, desempatarase coa puntuación obtida no criterio 7.2.

8. CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

- Contratacións. A empresa deberá incorporar **2 persoas durante 3 meses** para traballar no desenvolvemento do portal empresarial xunto a outro persoal da empresa na captación e inclusión de contidos e o labor comercial. Facilitarase ás persoas con cargas familiares a posibilidade de contratos de xornada reducida se o desexan, en cuxo caso os contratos computarán polo seu equivalente a xornada completa.

O compromiso de contratación executarase no prazo máximo de 7 días tras a finalización do período formativo. En caso de producirse baixas, cumprirase o compromiso de contratación con outras persoas que superara a formación ou cunha maior duración dos demais contratos.

- Formación durante a fase de contratación. Polo menos unha das persoas contratadas colaborará no labor comercial que esixe o proxecto para o desenvolvemento das vendas web. Ambas as dúas terán un mínimo de 2 horas/semana dedicadas á formación coas/os docentes que impartira a formación inicial.

9. PAGAMENTO E REQUISITOS PREVIOS

A empresa presentará dúas facturas:

9.1. Ao finalizar a formación inicial, presentará unha factura pola formación xunto coa seguinte documentación necesaria para a súa tramitación:

- Memoria de execución material con: distribución de materias e días, valoración xeral do curso e unha valoración do grao de aptitude alcanzado por as/os alumnas/os para a súa inserción laboral así como outros aspectos de interese para a súa incorporación ao mercado de traballo. Achegaranse as fichas de valoración realizadas polas/os alumnas/os.

- Partes de sinaturas de asistencia das/os alumnas/os asinadas polo/a docente e seladas pola empresa.

9.2. Tras a finalización de todos os traballos correspondentes a este contrato, unha factura polo deseño do portal empresarial detallando a relación das empresas incorporadas ao comercio electrónico. O importe desta factura será: P2+ nº de empresas novas incorporadas ao comercio electrónico por enriba das 16 obrigatorias cun mínimo de 10 produtos incorporados para cada unha x P3. Achegarase a seguinte documentación:

- Relación das fichas de empresas incorporadas e número de puntos de menú que ten cada unha. Só se admitirá a ausencia dalgunha empresa se isto foi aceptado previamente pola oficina URBAN no desenvolvemento do traballo ante a negativa do comerciante.
- Relación de empresas incorporadas ao comercio electrónico e número de produtos.
- Documentos xustificativos (orixinal e copia para a súa compulsa) do cumprimento dos compromisos de contratación ata ese momento: contratos, nóminas e TC e informes de vida laboral.
- Fichas de seguimento coas empresas asinada por ambas as dúas partes.
- Manual de uso da aplicación co suficiente detalle como para que unha empresa sen coñecementos informáticos da Praza e Mercado poida manter a súa aplicación de comercio electrónico de forma autónoma.
- Documento do plan comercial desenvolvido.

10. OUTRA DOCUMENTACIÓN PARA O SEGUIMENTO DO CONTRATO

Antes do inicio dos traballos, a empresa adxudicataria entregará:

- Calendario de traballos segundo as tarefas expresadas no punto 2 (Prazo de execución do contrato)
- Programa especificado por días de formación que non terá unha duración superior a un mes e lugar e horario no que se realizará a formación. O lugar de impartición será preferentemente no centro histórico e non poderá ser a máis de dous quilómetros de distancia da zona amurallada.
- Modelo de ficha de valoración da formación por as/os alumnas/os.
- Copia da documentación acreditativa de subscribir seguros de accidentes e de responsabilidade civil polas/os participantes na formación.
- Modelo de ficha para a recollida de datos dos comerciantes.
- Dirección de correo electrónico para o envío de datos de alumnas/os.

A oficina URBAN realizará o seguimento do programa, podendo realizar as visitas e entrevistas de control que considere convenientes durante a súa execución. A entidade adxudicataria deberá prestar a colaboración necesaria no desenvolvemento desa función.

11. PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

En aplicación do principio de igualdade de oportunidades, tendo en conta o desequilibrio nos datos de desemprego en prexuízo das mulleres, en igualdade de condicións, darase prioridade a estas tanto para a admisión no curso coma para a contratación, sempre que a interesada formule a actuación como unha saída profesional.

12. PUBLICIDADE DO COFINANCIAMENTO COMUNITARIO

No desenvolvemento deste proxecto débense cumprir as seguintes medidas de publicidade:

- En toda a documentación xerada (documentación entregada ás/os alumnas/os, follas de sinaturas de asistencia ao curso, fichas de seguimento ás empresas, etc) figurarán os logos do Concello, da Unión Europea e do Proxecto URBAN, así como a información sobre o cofinanciamento comunitario, reproducindo a seguinte declaración: "Esta actuación está incluída na iniciativa URBANA (Proxecto URBAN) que está a desenvolver o Concello de Lugo que conta co 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Declaración realizada en cumprimento do artigo 8.4 do Regulamento (CE) nº 1828/2006)". Xunto á bandeira europea engadiranse as expresións "UNIÓN EUROPEA" "FEDER" e "Unha maneira de facer Europa".
- En todas as páxinas do protal aparecera unha referencia ao financiamento do proxecto cos logos do Concello, URBAN e Unión Europea coas expresións "UNIÓN EUROPEA" "FEDER" e "Unha maneira de facer Europa". Na páxina principal ocupará un lugar destacado.

13. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O Concello de Lugo é propietario e Responsable duns Ficheiros e, por outro lado, é Encargado do Tratamento doutros. Ambos os dous conteñen información con datos de carácter persoal cuxo tratamento está suxeito á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD). Os devanditos ficheiros foron debidamente inscritos no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos.

Para a execución dos servizos incluídos neste Contrato, é necesario que o Concello de Lugo (como Responsable do Ficheiro) poña, a disposición do provedor (Encargado do Tratamento), datos de carácter persoal correspondentes aos seguintes ficheiros, co seu correspondente nivel de seguridade:

Responsable Ficheiro:	Denominación Ficheiro:	Nivel de seguridade:
Plan URBAN	Urbanformación	Básico

O servizo de formación este contrato levará a cabo en locais do provedor. O acceso por parte do encargado do tratamento aos datos de titularidade do Concello de Lugo realizarase única e exclusivamente coa finalidade descrita neste Contrato. Nestas condicións, e sempre que os datos sexan tratados conforme ás instrucións dadas e coa finalidade prevista, dito acceso non se considerará comunicación de datos.

O encargado de tratamento, sen prexuízo do cumprimento das obrigas legais, profesionais ou deontolóxicas que lle sexan de aplicación, obrígase a gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal cuxo acceso se regula polo presente contrato, obriga que subsistirá aínda despois de finalizar as súas relacións con concello.

A teor do establecido no artigo 9 da LOPD, o provedor comprométese a adoptar as medidas necesarias de índole técnica e organizativa, correspondentes aos niveis de

seguridade especificados, que garantan a seguridade dos datos persoais que proveñen do ficheiro referenciado e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, habida conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos a que están expostos, xa proveñan da acción humana ou de medio físico ou natural.

Ao ser prestado este servizo dende os propios locais do proveedor, alleos aos do Concello, este deberá elaborar un documento de seguridade nos termos esixidos polo artigo 88 do R.D. 1720/2007, identificando cada ficheiro e o responsable deste e incorporando as medidas de seguridade implantadas en relación ao devandito tratamento.

O concello queda exonerado de calquera responsabilidade que se puidese xerar polo incumprimento por parte do encargado de tratamento das estipulacións do presente contrato e en concreto:

- a) No suposto de que a persoa encargada do tratamento utilice ou destine os datos de carácter persoal para calquera outro fin distinto do aquí pactado e aceptado por ambas as dúas partes.
- b) Pola vulneración por parte do devandito encargado do deber que lle incumbe de gardar segredo sobre estes, e de non os comunicar a terceiras persoas.
- c) Por utilizar os datos incumprindo, en calquera modo, as estipulacións do presente contrato.

En todos estes supostos, e en xeral por incumprimento de calquera dos pactos do presente acordo, o encargado do tratamento será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que incorrese, así como de calquera reclamación que polas persoas interesadas se interpoña ante a Axencia Española de Protección de Datos e da indemnización que, no seu caso, se recoñeza á persoa afectada que exercite a acción de responsabilidade polo dano ou lesión que sufra nos seus bens ou dereitos.

Unha vez finalizada legalmente a relación contractual, os datos de carácter persoal utilizados polo encargado do tratamento deberán ser destruídos ou devoltos á persoa responsable deste contrato no Concello, xunto con calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

A empresa adxudicataria achegará unha dirección de correo electrónico para o envío dos datos das/os alumnas/os.

14. OBRIGAS DA EMPRESA DURANTE O PERÍODO DE GARANTÍA

Durante o período de garantía a empresa adxudicataria realizará o mantemento correctivo da páxina web. Establecerase un sistema on-line de xestión de incidencias no que quede constancia das incidencias detectadas polos beneficiarios deste programa, a súa resolución e a conformidade final por parte da empresa. O Concello de Lugo terá acceso completo a este sistema e recibirá na conta que indique os correos que se xeren na xestión de incidencias con cada unha das empresas.

15. PENALIDADES

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: ACORDO_APROBACION_PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

Por incumprimento das obrigas de contratación de persoal, establécese unha penalización de importe igual a dúas veces o custo bruto da parte non cumprida de contratación laboral co límite do 10% do presuposto do contrato. Se é superior ao 50% do compromiso total, considerarase incumprimento dunha obriga contractual esencial aos efectos da resolución do contrato.

16. OUTRAS CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

O portal aloxarase nos sistemas informáticos propios do Concello de Lugo e o dominio a empregar será un subdominio de "lugo.es". Os requisitos de ocupación e parámetros de rendemento serán os especificados polo servizo de informática do Concello de Lugo, compatibles co sinalado neste prego."

B) "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE XESTIONE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E DESEÑE UN PORTAL EMPRESARIAL PARA A PRAZA DE ABASTOS E MERCADO MUNICIPAL DE QUIROGA BALLESTEROS COFINANCIADAS NUN 80% POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR2001 URBAN Formacion ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a realización por un lado de accións formativas e de emprego na especialidade de técnicos en tecnoloxías web e por outro o deseño e execución dun portal web para a Praza de Abastos e Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros, todo elo de conformidade co prego de prescripcíons técnicas elaborados pola Directora do Plan URBAN.

Estes traballos enmarcanse dentro das actuacións da Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN) do Concello de Lugo e están cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 12UR2001 URBAN Formacion ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos

CNAE 2009: 63.12 Portais web

CPV: 72224000-1 Servizos de consultoría en xestión de proxectos

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato de servizos, recollido e regulado nos artigo 10 do TRLCSP e que ten por obxecto a realización por un lado de accións formativas e de emprego na especialidade de técnicos en tecnoloxías web e por outro o deseño e execución dun portal web para a Praza de Abastos e Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros, todo elo de conformidade co prego de prescripcíons técnicas elaborados pola Directora do Plan URBAN. Estes traballos enmarcanse dentro das actuacións da Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN) do Concello de Lugo e están cofinanciadas nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 12UR2001

URBAN Formacion ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos.

Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

O prazo de duración deste contrato será de SEIS MESES contados a partir da data de sinatura do contrato administrativo e de conformidade co calendario orientativo establecido na cláusula segunda do prego de prescricións técnicas.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato ascende 65.400 euros polo que sumado o IVE de 18% (11.772 euros) resulta un presuposto total de 77.172 euros IVE incluído desglosado como segue:

- Proxecto 12UR2001 URBAN. Formacion ocupacional comercio: 9.000 euros máis o IVE (1.620 euros) resultando un total de 10.620 euros para a formación de 100 horas.

- Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos: 56.400 euros máis o IVE (10.152 EUROS) resultando un total de 66.552 euros para o Portal Empresarial.

Dentro deste proxecto 12UR4002 inclúese 54.000 euros máis IVE para a realización do Portal Empresarial (apartados 3.2 e 3.3 do prego de prescricións técnicas) e 2.400 euros máis o IVE para incorporacións de novos postos á venda electrónica captados pola empresa adxudicataria.

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: ACORDO_APROBACION_PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

Os prezos de licitación para cada proxecto son os seguintes:

- Para a formación inicial (Proxecto 12UR2001) : 9.000 euros máis o IVE 18% (1.620 euros). Total: 10.620 euros.
- Para o Portal Empresarial (Proxecto 12UR4002) : 54.000 euros máis o IVE 18% (9.720 euros). Total : 63.720 euros.
- Para incorporacións de novos postos á venta electrónica captados pola empresa adxudicataria : 800 euros máis o IVE 18% (144 euros) por cada incorporación . Total: 944 euros.

Non obstante os prezos para cada apartado serán os ofertados polos licitadores nas súas proposicións.

No suposto de que con motido da baixa nos prezos ofertados correspondentes ó Portal Empresarial e para novas incorporacións se producise un aforro respecto ó presuposto de licitación para estes traballos (66.552 euros), o importe do dito aforro poderá ser destinado a incrementar o número de incorporacións de novos postos ata igualar o correspondente presuposto de licitación.

Faise constar a existencia de consignación nas aplicacións orzamentarias 24400.22799 para un importe de 10.620 euros (código de proxecto 12UR2001) e 24400.22799 para un importe de 66.552 euros (código de proxecto 12UR4002)

Dada as características do contrato, non procederá a revisión de prezos.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

Este contrato adxudicarase polo **procedemento aberto**, previsto e regulado polos artigos 138 e seguintes do TRLCSP

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuira a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de

empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 .- Ós efectos da acreditación da solvencia técnica as empresas licitadores deberán acreditar o seguinte:

1. Contratos de entidades privadas ou certificadas de administracións públicas xustificando que a empresa realizara como mínimo nos últimos tres anos dous proxectos de venda electrónica.
2. Curriculum vitae do equipo humano especificando as funcións a desenvolver por cada un deles **asinados coa súa conformidade** para participar no proxecto. **Requisitos mínimos:**
 - A/o responsable do proxecto que terá estudos universitarios, participaría en proxectos das mesmas características (dous proxectos de venda electrónica) e terá un perfil comercial avalado pola súa participación noutros proxectos orientados á captación de clientes, distribución de produtos, prestacións de servizos a clientes, etc.
 - As persoas que impartan a parte formativa (técnica ou comercial) deben ter tres anos de experiencia en xestión de proxectos TIC. O/a responsable do proxecto pode realizar o labor de formación comercial. Poderanse subcontratar os traballos referentes á protección de datos que deberán ser realizados por especialistas na materia.
 - Entre os colaboradores figurará unha persoa con titulación en Deseño gráfico como persoal da empresa adxudicataria ou subcontratada.

Os sitios web de comercio electrónico que se acheguen como solvencia técnica, deben estar operativos. Facilitarase unha dirección para comprobar o seu correcto funcionamento.

SÉTIMA. GARANTÍAS

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: ACORDO_APROBACION_PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es/zona de servizos)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en TRES sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, letra B OFERTA TÉCNICA SUXEITA A CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE e letra C OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS ABVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA

O **sobre denominado A**, documentación administrativa, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

- Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

- Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado polo Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboaráse a correspondente taxa (10,20 euros).

3.- **Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da solvencia económica e financeira así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B e no sobre C no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

O sobre denominado B – PROPOSTA TÉCNICA (RELATIVA A CRITERIOS NON AVAILABLES AUTOMÁTICAMENTE)

Dentro deste sobre B presentarán exclusivamente a documentación necesaria para proceder á valoración da súa oferta conforme os criterios de adxudicación

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: ACORDO_APROBACION_PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

avaliáveis mediante xuízo de valor que se sinalan na cláusula décimo segunda (apartado 12.2).

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C dentro deste sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición. Quedarán excluídos os licitadores que á vista da documentación do sobre B proporcione información que deba estar no sobre C.

O sobre denominado C, OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE XESTIONE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E DESEÑE UN PORTAL EMPRESARIAL PARA A PRAZA DE ABASTOS E MERCADO MUNICIPAL DE QUIROGA BALLESTEROS COFINANCIADAS NUN 80% POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR2001 URBAN Formacion ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos**

b) Propón como **prezos do contrato** os seguintes:

- Prezo 1 (P1) Para a formación inicial (punto 3.1. do prego de prescricións técnicas) : euros máis o IVE 18% (..... euros) resultando un total deeuros.

- Prezo 2 (P2) Para o Portal Empresarial (puntos 3.2. e 3.3. do prego de prescricións técnicas) :euros máis o IVE 18% (..... euros) resultando un total de.....euros.

- Prezo 3 (P3) Para incorporacións de novos postos á venda electrónica captados pola empresa adxudicataria : euros máis o IVE 18% (.....euros) por cada incorporación resultando un total de euros para cada incorporacion de novo posto

c) Oferta un **prazo total de garantía** de..... anos

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTA: A Concelleira delegada da Area de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VOCALIS:

- O Concelleiro delegado da Área de Urbanismo
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

Os **criterios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa serán os seguintes:

12.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE. Ata 70 puntos.

- **Oferta económica para o prezo ofertado (PO), sendo $PO = P1 + P2 + P3 \cdot 3$.**

Máximo 60 puntos

Terase en conta os tres prezos ofertados:

P1. Para a **formación inicial** (punto 3.1 deste documento): máximo de 9.000 € +18% de IVE.

P2. Portal empresarial (puntos 3.2 e 3.3 do prego de prescripcóns técnicas) con todas as probas necesarias ata o correcto funcionamento do sistema: máximo 54.000 € +18% de IVE. Este prezo inclúe tamén a formación no posto de traballo e calquera outro aspecto do traballo non incluído de forma expresa nos outros dous prezos.

P3. Incorporación **dun novo posto** á venda electrónica captado pola empresa adxudicataria: máximo de 800 € +18% de IVE. Incluiría, se fose o caso, a incorporación dunha nova entidade financeira.

Obterá a máxima puntuación neste criterio (60 puntos) a empresa que oferte o PO máis baixo. Obterán 0 puntos as empresas que oferten un PO igual ao prezo de licitación e as restantes valoraranse de xeito proporcional lineal.

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 85 do RD 1098/2001 do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

- Prazo de garantía ofertado. Máximo 10 puntos.

Establécese un período máximo de 5 anos en total **incluído o ano esixido como mínimo.**

Valorarase con 0 puntos os que oferten o prazo de garantía establecido no prego administrativo (un ano), valorarase con 10 puntos ás empresas que oferten 5 anos. Os demais, de forma proporcional lineal.

12.2.- CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE. Ata 30 puntos.

- Modelo de páxina principal do Portal da Praza e Mercado e modelo de ficha dun posto.

Terase en conta o deseño de conxunto (máximo 15 puntos) e a facilidade de comprensión e uso (15 puntos). En cada un dos subcriterios ordenaranse as propostas polo seu grao de cumprimento, dando 15 puntos á que mellor cumpre e 0 á que cumpre en menor grao. As demais propostas recibirán as puntuacións intermedias que se estimen respectando a orde.

Para a valoración deste criterio presentarase no sobre B (proposta técnica) o bosquejo da imaxe da páxina principal do portal da Praza e Mercado e modelo de ficha de un posto (empresa)

En caso de empate, desempatarase a favor da empresa que obteña máis puntuación no criterio de oferta económica. Se persiste o empate, desempatarase coa puntuación obtida no criterio correspondente ó modelo de páxina principal do Portal e modelo de ficha do posto.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houbese esixido.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. OBRIGAS DA EMPRESA DURANTE O PERÍODO DE GARANTÍA.

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (directora do PLAN URBAN) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4.- Durante o período de garantía mínimo de un ano ou do ofertado a maiores, a empresa adxudicataria realizará o **mantemento correctivo da páxina web**. Establecerase un sistema on-line de xestión de incidencias no que quede constancia das incidencias detectadas polos beneficiarios deste programa, a súa resolución e a conformidade final por parte da empresa. O Concello de Lugo terá acceso completo a este sistema e recibirá na conta que indique os correos que se xeren na xestión de incidencias con cada unha das empresas.

Non procederá a devolución da garantía ata a terminación total do contrato e o remate do prazo de garantía establecido ou do ofertado no seu caso.

DÉCIMO SEXTA.- CONDICIONES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Co obxecto de promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral e de conformidade co artigo 128 do TRLCSP sinálanse como condición especial de execución do contrato a obriga de contratar **2 persoas (de entre as persoas desempregadas que realizaran a formación obxecto deste contrato non vinculados cos postos da Praza e do Mercado) durante 3 meses** para traballar no desenvolvemento do portal empresarial xunto a outro persoal da empresa na captación e inclusión de contidos e o labor comercial. Facilitarase ás persoas con cargas familiares a posibilidade de contratos de xornada reducida se o desexan, en cuxo caso os contratos computarán polo seu equivalente a xornada completa.

O compromiso de contratación executarase no prazo máximo de 7 días tras a finalización do período formativo. En caso de producirse baixas, cumprirase o compromiso de contratación con outras persoas que superara a formación ou cunha maior duración dos demais contratos.

Polo menos unha das persoas contratadas colaborará no labor comercial que esixe o proxecto para o desenvolvemento das vendas web. Ambas as dúas terán un mínimo de 2 horas/semana dedicadas á formación coas/os docentes que impartira a formación inicial.

DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

3.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

4.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

Ós efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: ACORDO_APROBACION_PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades distintas do obxecto da contratación.

VIXÉSIMA. PAGAMENTO

Para o seu pagamento a empresa presentará dúas facturas:

Ao finalizar a formación inicial, presentará unha primeira factura pola formación xunto coa seguinte documentación necesaria para a súa tramitación:

- Memoria de execución material con: distribución de materias e días, valoración xeral do curso e unha valoración do grao de aptitude alcanzado por as/os alumnas/os para a súa inserción laboral así como outros aspectos de interese para a súa incorporación ao mercado de traballo. Achegaranse as fichas de valoración realizadas polas/os alumnas/os.

- Partes de sinaturas de asistencia das/os alumnas/os asinadas polo/a docente e seladas pola empresa.

Tras a finalización de todos os traballos correspondentes a este contrato, unha segunda factura polo deseño do portal empresarial detallando a relación das empresas incorporadas ao comercio electrónico.

O importe desta factura será: P2+ nº de empresas novas incorporadas ao comercio electrónico por enriba das 16 obrigatorias cun mínimo de 10 produtos incorporados para cada unha x P3.

Achegarase a seguinte documentación:

- Relación das fichas de empresas incorporadas e número de puntos de menú que ten cada unha. Só se admitirá a ausencia dalgunha empresa se isto foi aceptado previamente pola oficina URBAN no desenvolvemento do traballo ante a negativa do comerciante.

- Relación de empresas incorporadas ao comercio electrónico e número de produtos.

- Documentos xustificativos (orixinal e copia para a súa compulsa) do cumprimento dos compromisos de contratación ata ese momento: contratos, nóminas e TC e informes de vida laboral.

- Fichas de seguimento coas empresas asinada por ambas as dúas partes.

- Manual de uso da aplicación co suficiente detalle como para que unha empresa sen coñecementos informáticos da Praza e Mercado poida manter a súa aplicación de comercio electrónico de forma autónoma.

- Documento do plan comercial desenvolvido.

As facturas aboaráanse unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformada polo responsable do contrato e maila Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

Da correcta execución do resto de prestacións (mantemento correctivo da páxina web durante o prazo de garantía) responderá a garantía definitiva.

VIXESIMO PRIMEIRA .- PENALIDADES

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP por incumprimento das condicións especiais de execución establecidas na clausula décimo sexta deste prego de clausulas administrativas, establécese unha penalización de importe igual a dúas veces o custo bruto da parte non cumprida de contratación laboral co límite do 10% do presuposto do contrato. Se é superior ao 50% do compromiso total, considerarase incumprimento dunha obriga contractual esencial aos efectos da resolución do contrato.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á indemnización de danos e perxuizos.

As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

VIXÉSIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas establecidas no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas as cales terán carácter de obrigas contractuais esenciais.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Asimesmo e de conformidade co 223 do TRLCSP o incumprimento das condicións especiais de execución nos termos sinalados na cláusula vixésimo primeira dará lugar á resolución do contrato por considerase unha obriga contractual esencial

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuiro da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuizos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXESIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O

DATOS:

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: ACORDO_APROBACION_PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**1º ☐ CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA**

NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º ☐ COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de Constitución.**

3º ☐ TRABALLADOR DESIGNADO**Nome e Apelidos:****Cargo:****NOME EMPRESARIO:****D.N.I.:****FIRMA:****SELO DA EMPRESA**

DATA:

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE XESTIONE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E DESEÑE UN PORTAL EMPRESARIAL PARA A PRAZA DE ABASTOS E MERCADO MUNICIPAL DE QUIROGA BALLESTEROS COFINANCIADAS NUN 80% POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013).**Proxecto 12UR2001 URBAN Formacion ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2012

Asdo:

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)

ACTAS E GOBERNO

ASM/mbfc

Refª: ACORDO_APROBACION_PREGOS.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26-7-2012

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE QUE XESTIONE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E DESEÑE UN PORTAL EMPRESARIAL PARA A PRAZA DE ABASTOS E MERCADO MUNICIPAL DE QUIROGA BALLESTEROS COFINANCIADAS NUN 80% POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013).Proxecto 12UR2001 URBAN Formacion ocupacional comercio e Proxecto 12UR4002 URBAN Praza de Abastos, declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 77.172 euros con cargo á aplicación 24400.22799 do vixente Orzamento xeral de 2012.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 141 e seguintes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.